



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E O CLUB CICLISTA CARBALLIÑO PARA ESTABLECER AS CONDICIÓNS E COMPROMISOS APLICABLES Á SUBVENCIÓN PREVISTA CON CARÁCTER NOMINATIVO NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2023.

REUNIDOS

Dunha **parte D. Francisco José Fumega Piñeiro**, Alcalde- Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, D./D^a **Roberto Rodríguez Fernández** en calidade de Presidente e representante legal da entidade deportiva "**CLUB CICLISTA CARBALLIÑO**" con CIF **G32321051**.

MANIFESTAN

I. Que o Club Ciclista Carballiño está adicado á promoción e fomento do ciclismo sendo a comarca do Carballiño onde desenvolve principalmente a súa actividade xunto coa actividade competitiva que se desenvolve pola comunidade autónoma Galega, resto de España e Portugal. Que estas actividades realízanse a través de tres programas deportivos fundamentais incluíndo nestes programas a formación continua de nenos e adultos polo cal se pode considerar ademais de club de carácter competitivo, tamén escola deportiva de carácter educativa e formativa:

1 - ORGANIZACIÓN DO EVENTO: G.P. BTT O CARBALLIÑO 2023

Este evento consistirá en realizar 3 probas de competición na mesma fin de semana:

- a. CAMPEONATO GALEGO DE XC-ELIMINATOR 2023 - I XCE URBANO CONCELLO DO CARBALLIÑO: Proba De gran vistosidade disputada nun percorrido urbano, en formato de eliminación. Dispútase en varias mangas de carácter eliminatorio, pasando os dous primeiros clasificados de cada manga ata chegar a unha final de catro participantes.
- b. VI MINI BTT CONCELLO DO CARBALLIÑO: A Liga Galega de Mini BTT consiste en carreiras en bicicleta todo terreo (BTT), dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 5 e os 14 anos, divididos en categorías segundo a súa idade e desenvólvese en percorridos pechados, cunha dificultade e duración adaptados a cada categoría.
- c. I XCO CONCELLO DO CARBALLIÑO - COPA GALICIA DE XCO: Proba que se disputa nun percorrido de aprox. 6 km. nun entorno natural (Pena Cobertoira). Fanse mangas por categorías e será puntuable para a Copa Galicia de XCO 2023

2 - ESCOLA DE CICLISMO

O obxectivo da Escola de Ciclismo que se pon en marcha é o fomento da práctica do ciclismo e o uso da bicicleta entre os nenos e nenas da nosa comarca, na procura dunha especialización temperá e a adaptación das súas necesidades específicas de maduración e desenvolvemento, antepoñendo o divertimento, a educación e o respecto a calquera tipo de procura de resultados deportivos. Educar ó neno a través do deporte, independentemente da súa raza, condición ou sexo será o método de "adestramento" que terá maior importancia que a consecución de resultados meramente deportivos e coa finalidade que os nenos se divirtan e gocen, ó mesmo tempo que aprenden os grandes valores





diste deporte como, por exemplo, a práctica deportiva, hábitos saudables, convivencia, compañeirismo, respecto ó medio ambiente, etc.

Na parte deportiva, como Club Ciclista, organizamos e participamos en probas de Escolas BTT da Federación Galega de Ciclismo, nas súas diferentes categorías. Dende este club, facilitamos tódolos trámites para poder participar nas diferentes probas de escolas BTT, aportando tamén parte do apoio loxístico e humano a cada tipo de proba.

3 - PARTICIPACIÓN EN PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS

Na parte deportiva, como Club Ciclista, participa en probas tanto a nivel autonómico (Liga Galega de Mini BTT, Copa Galicia e Campionato Galego de XCO, Copa Galicia e Campionato Galego de XCM, Copa Galicia e Campionato Galego de BTT-ENDURO) como a nivel Estatal (Copa de España e Campionato de España de XCO). Tamén se participa en probas oficiais en Portugal (Taça de Portugal de XCO), nas diferentes categorías de cada proba. Debido ó nivel destas probas, lévase a imaxe e o nome do noso Concello por toda a xeografía do noso país, así como polo país veciño. O nome e o escudo do Concello figuran tanto na indumentaria dos corredores coma nos elementos loxísticos que se desprazan ás probas (carpa, pancartas, furgoneta,)

II. Que o Concello considera que o labor que realiza este club é primordial para o desenvolvemento desta disciplina deportiva. Trátase unha actividade de interese xeral que cumpre unha función social, e fai unha importante labor de promoción turística do Concello do Carballiño.

III. É de interese público, o cal supón unha promoción das actividades deportivas e turísticas por tratarse no caso da "G.P. BTT O Carballiño 2023" dun evento a nivel autonómico e polo tanto moi atractivo para os afeccionados que se achegan a nosa vila para gozar deste evento, como tamén é de interese público a promoción que se fai deste deporte polo seu carácter formativo e educativo, así como tamén a escola de ciclismo que fai unha labor social de educación a través do deporte como a participación en probas federadas de ciclismo.

IV. Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, posibilitan nos seus artigos 25 e 80 respectivamente, as funcións de promoción e estímulo de actividades de interese local, recoñecendo como competencias propias dos concellos as de promoción do deporte.

V. As axudas económicas e as subvencións forman parte da actividade de fomento da que a Administración Local pode facer uso co fin de promover e apoiar actividades de interese público que contribúan á satisfacción de necesidades ou intereses propios da comunidade veciñal local. É en definitiva, unha medida de carácter económico tendente a que sexan os propios cidadáns da comunidade local, de xeito individual ou asociativo, os que libremente colaboren co cumprimento de fins colectivos convenientes ou desexables e non dispoñan de recursos suficientes para levar a cabo a actividade de que se trate.

VI. Que nas Bases de execución do orzamento para o exercicio 2023 consta a seguinte subvención nominativa:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Importe
341.11.480.13	CLUB CICLISTA CARBALLIÑO	5.000,00 €

VII. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de **FORMA DIRECTA** as Subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recollidos nos CONVENIOS e na normativa reguladora destas Subvencións, e no artigo 28, establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas SUBVENCIÓNS.





VIII. Que o RD. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, no seu artigo 66, prevé que nestes supostos o acto de concesión ou convenio terán o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do establecido na LXS, e determina o contido do mesmo.

Así pois, de conformidade co establecido nas citadas disposicións, ambas as partes acordan subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, o cal se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DO CONVENIO.

O presente convenio formalízase co obxecto de sufragar os gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada deste club:

ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES DO CLUB PARA 2023" - G.P. BTT O CARBALLIÑO 2023; ESCOLA DE CICLISMO 2022-2023 E A PARTICIPACIÓN EN PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS 2022-2023.

2. CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A contía da subvención ascende a **CINCO MIL EUROS (5.000,00 €)** que é o importe total do crédito orzamentario autorizado. O devandito crédito é un crédito do capítulo 4 "Transferencias correntes" do subprograma 341.11.480.13, "Promoción e fomento do deporte", polo que non poderán aplicarse os fondos a gastos de distinta natureza e finalidade á que é propia dos gastos imputables ao devandito crédito.

Dita contía total (100%) da subvención outorgada impútase o exercicio económico 2023.

3. PERÍODO SUBVENCIONABLE

O período subvencionable será o comprendido dende o 01.12.2022 e ata o 30.11.2023.

4. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

5. OBRIGAS XERAIS DA ENTIDADE/ASOCIACIÓN BENEFICIARIA.

A entidade beneficiaria comprométese a:

- A. Cumprir o obxectivo, executar o programa, realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- B. Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- C. Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.





- D. Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- E. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente. Se a contía da axuda é inferior a 3.000 € poderase acreditar coa presentación dunha declaración responsable.

O Concello comprobará de oficio que a Asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.

- F. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

- G. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- H. Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello do Carballiño.

- I. Se sé realizasen actividades de difusión do proxecto, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño, quedando exentos en caso de que a actividade se realizase con data anterior a sinatura do convenio. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar as actividades que fundamentan o presente convenio.
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

6. GASTOS SUBVENCIONABLES.

a) Á vista do proxecto presentado polo beneficiario, e dado que o Concello non vai subvencionar os premios en metálico, o importe do gasto subvencionable ascende a **16.414,29 €**. Dado que a subvención outorgada elévase a, como máximo, **5.000 €**, esta representa un **30,46 %** dos gastos do proxecto presentado. Se os gastos subvencionados xustificados correctamente son inferiores aos do proxecto presentado minorarase a achega municipal na proporción fixada neste parágrafo.

b) O tipo de gasto subvencionable: gastos correntes con duración inferior a un ano derivados da actividade deportiva, formativa e competitiva relacionada co obxecto detallado na cláusula 1ª, mais concretamente:

- Gastos derivados da propia competición (transporte, fichas federativas ou licencias federativas).
- Outros gastos correntes habituais relacionados co desenvolvemento da actividade (asistencia a cursos de formación, gastos de imprenta, publicidade, etc.)
- Gastos de responsabilidade civil (seguro das probas ou outro tipo de seguros)
- Gastos correntes (manutención e aloxamentos dos membros de organización, seguridade e membros federativos, etc...)
- Outros gastos relacionados coa proba (trofeos, premios (non en metálico), etc...)

c) A data de finalización do período subvencionable establécese como límite máximo ata o **30-11-2023**.





7. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

De acordo co artigo 30 da LXS, a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- Instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o abono da subvención outorgada.

Presentación da **conta xustificativa**, que comprenderá:

- Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas, financiadas coa subvención co seu custo e resultados obtidos.

- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable), e con identificación do acredor e do documento, concepto, importe e data de emisión.

- Presentación de facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalentes, con validez no tráfico mercantil ou laboral (TC's, cartas de pago, etc.). Así como os documentos bancarios no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento das mesmas e tendo en conta que so se admitirán pagos en metálico conforme ó que dispoñen as Bases de Execución do Orzamento do Concello do Carballiño para 2022 que a continuación se reproduce literalmente: *"Os beneficiarios das subvencións deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberá constar o selo de pagado, selo do provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibe o pagamento. En ningún caso, os pagos en metálico poden exceder de 300 € por cada provedor e de 1.000 € en cómputo global da subvención outorgada."*

- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións). Tamén deberá acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.

- De ser o caso, un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello do Carballiño. Se non se acredita a publicidade, procederase a minoración da axuda concedida, polo importe determinado no presente convenio.

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local.

Os gastos certificados teñen que ser iguais ou superiores ao importe da subvención concedida, en cada tempada. A subvención representa o 30,46 % do total do proxecto presentado e subvencionado. A subvención non financia ningún tipo de gasto de inversión consistente na compra ou adquisición de vehículos, mobiliario e calquera tipo de inmovilizado.

O prazo de presentación da xustificación desta subvención remata o 30.11.2023.

8. FORMA DE PAGO.

Poderase conceder **un anticipo de ata o 90 %** da do importe concedido, despois da aprobación e sinatura do presente convenio e da súa publicación na BDNS, e trala presentación da solicitude/instancia subscrita polo Presidente da Asociación na que solicite o pago do anticipo da subvención no número de conta corrente indicada baixo a presentación de certificación bancaria e acreditando estar o corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O pago da cantidade restante farase unha vez a entidade teña xustificada debidamente a totalidade da subvención tal e como se expón na cláusula 7 deste convenio.





Area de Deportes

**CONCELLO
DO CARBALLIÑO**
(Ourense)

9. DIFUSIÓN.

As partes comprométense a destacar a colaboración, obxecto do presente convenio, incluíndo os seus logotipos, en cantos medios se utilicen para a súa promoción e difusión (comunicacións, páxinas web, facebook, etc...) así como nas actividades e na documentación que se xere como consecuencia do desenvolvemento da mesma, respectando, en todo caso, o logotipo e directrices de imaxe externa que se indique pola entidades.

10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no capítulo IX da Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello do Carballiño (BOP núm. 49, de 2 de marzo de 2015)

11. ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo órgano municipal competente e subscrito polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2023.

En todo o non contemplado neste convenio estarase ao disposto na LXS e restante normativa de aplicación.

Así o conveñen as partes e en proba de conformidade con canto antecede asinan o presente documento por triplicado en lugar e data ao principio indicados.

O ALCALDE

Francisco José Fumega Piñeiro

O PRESIDENTE DO CLUB CICLISTA CARBALLIÑO

Roberto Rodríguez Fernández

DOCUMENTO ASINADO DIXTIALMENTE

